

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021-2023, REFERENTE Á LIÑA ESTRATÉXICA 6: PARTICIPACIÓN CIDADÁ (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021020973). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Participación Cidadá, que textualmente di:

**“Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local na súa reunión de data 16 de febreiro de 2021 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023 (en adiante PES).

**Segundo.-** Dentro das liñas estratéxicas do plan contéplase a seguinte:

### **LIÑA ESTRATÉXICA 6: PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

#### **Obxectivos estratéxicos**

*Potenciar o desenvolvemento dos valores da solidariedade e fomentar a participación cidadá e o asociacionismo veciñal.*

*Eliminación das desigualdades e ofrecer as mesmas oportunidades a tódolos cidadáns.*

#### **Obxectivos específicos**

*Apoio e fomento do asociacionismo veciñal para o desenvolvemento dos seus fins e garantir a participación cidadá nos asuntos públicos.*

#### **Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación**

*LS 6.1. Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol*

#### **LS 6.1. Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol**

#### **Áreas de competencia afectadas**

*PARTICIPACIÓN CIDADÁ*

#### **Sectores aos que se dirixen as axudas**

*Asociacións veciñais, federacións e agrupacións destas con ámbito de actuación no Concello de Ferrol*

**Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación**

- 1.- Apoiar ao mantemento e funcionamento das entidades veciñais para a representación e defensa de intereses xerais considerando o seu importante papel na súa función de ser cauce da participación cidadá.
- 2.- Fortalecer o movemento asociativo e a dinamización veciñal nos seus diversos ámbitos de cultura, formación, deporte, actividades sociais, ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.

**Efectos que se pretenden coa súa aplicación**

Desenvolvemento de iniciativas ou actividades que complementen e/ou suplan as competencias municipais, facilitando a participación cidadá na vida política, económica, cultural e social do municipio. Contribuír a impulsar as relacións humanas e sociais entre a veciñanza dos barrios e parroquias de Ferrol.

**Prazo necesario para a súa consecución**

Indeterminado

**Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento**

Orzamento 2021. Previsión: 2022-2023.

Partida orzamentaria:

02103-9241-48000, 100.000 €

**Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan**

Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.

**Réxime de seguimento e avaliación continua**

Empregaranse os indicadores xerais, no que teñan relación co impacto económico e social, dados os obxectivos desta liña.

**Resultados da avaliación**

No prazo de tres meses dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno”

**Terceiro.-** A situación actual derivada da COVID-19, por un lado, limita o desenvolvemento de actividades de interese xeral nos locais sociais das entidades veciñais, así como o seu propio funcionamento ordinario tal e como se viñan desenvolvendo nos últimos anos. Por outro lado, faise necesario dotar aos locais das entidades veciñais de mobiliario e equipamento tecnolóxico moderno e adaptado ás necesidades da situación actual. Nesta situación cómpre que as entidades veciñais dispoñan de mobiliario que permita garantir as condicións de seguridade dos locais, así como de equipos tecnolóxicos modernos que permitan mellorar as relacións dos cidadáns coas Administracións nas súas solicitudes e trámites administrativos que realicen a través de medios telemáticos.

**Cuarto.-** Por este motivo e para este exercicio 2021, propónse diminuír os custos previsibles vinculados á aplicación presupostaria 02103-9241-48000 de 100.000 ata 80.000 euros para axudas a entidades veciñais relativas ó desenvolvemento de actividades de interese xeral e gastos ordinarios de funcionamento, e incluír uns custos previsibles por importe de 20.000 euros vinculados á aplicación orzamentaria 02103-9241-78000 de cara a posibilidade de establecer unha liña de axudas para as entidades veciñais destinadas a gastos de investimentos en novas tecnoloxías e mobiliario, o que fai necesario a modificación do actual PES 2021-2023 para adaptalo a esta nova previsión de subvencións dentro da Liña 6.

No apartado 4 do PES 2021-2023 establécese que: *“As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Xunta de Goberno Local a proposta do/da responsable da área”.*

Por todo o anterior, como concelleira delegada da área de Servizos, Obras, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá, propoñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.- Modificar** o Plan estratéxico de subvencións 2021-2023 do Concello de Ferrol no apartado *Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento da liña: LS 6.1. Subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol*, que quedará do seguinte xeito:

***Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento***

*Orzamento 2021.*

*Partida orzamentaria:*

*02103-9241-48000, 80.000 €*

*02103-9241-78000, 20.000 €*

*Previsión: 2022-2023.*

*Partida orzamentaria:*

*02103-9241-48000, 100.000 €*

**Segundo** .- Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 27 de xullo de 2021

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure García